


**As
historias
de
Bibliorrato
Xalleiro**



BIBLIORRATO

SENDO
DETECTIVE



2. De noite co restaurante
pechado, [ZAS] entrou
un ladrón que
robou un queiro

1. Un día calquera en
Chedam, o mellor restau-
rante comezou ao
comezo da noite.

3. Non era un queiro
era un **SUPERQUEIRO**
e daba
SUPERFORZA!



4.



5.


6. Ao atardecer
máis os seus cur-
máns seguen as
pistas e chegan
a un canelón
en Queixolândia...




AO DIA SEGUINTE

Baba chama a
BIBLIORRATO


7. Bibliorrato máis os
seus curmáns ven
algo sospeitoso, era un
rato enmascarado cunha
bolsa que cheiraba a
queiro...



8. Deciden perse-
guilo e cando lle
quitan a máscara
glipando...
quedan





9. O ladrón era
Baba cun sorriso
goñando o ollo dixolle
a Bibliorrato...



10. Despois de rematar o caso




Un día con Bibliorrato



Un día con Bibliorrato

Caminha á escola



Entrada ao cole



A minha classe favorita.





No comedor

Ummm. Que rica esta comida!



Un día con Bibliorrato




Bibliorrato faz de rato Pérez

Non sei se o sabiades, pero Bibliorrato é primo irmán do rato Pérez!



Entón, o outro día o rato Pérez estaba enfermo e Bibliorrato tiño que substituílo.





Bibliorrato puxo unhas lentes de explorador, o seu abrigo marrón de pana, levou un saco a costas e adentrouse na viaxe.




A primeira casa era a dunha nena chamada Carmela. Foi bastante fácil de collerlle o dente porque durmía placidamente.




A segunda casa foi bastante difícil de collerlle o dente porque o neno daquela casa estaba ansioso pola súa moeda.



Bibliorrato entrou a casa pero Antón o neno desa casa, pillóuno no intento.




O BIBLIORRATO




bibliorrate Simón

O ratoncito Simón era um rato no xuguetón, e todos os días saía a xogar coa súa pelota.




Sempre so pasaban xerrial.



Sen querer, a Simón escapouselle a pelota das patas e caeu. A pelota explotou contra as pipetas.



Simón estaba desesperado non sabía que facer. Estaba a punto de marchar cando de repente... Saeu un espírito dun ratón de dentro da pelota e Simón asustouse moito.




Haaaaaaa
aaaaaaa
axuda

Simón deu un salto do susto.




Simón aínda estaba asustado pero tamen moi intrigado así que lle preguntou:

Quen eres ti



E o espírito contestou:

Eu son a Ratita Presumida e a miña alma leva setenta anos atepada dentro de esa pelota pero grazas a ti por fin son libre



Aí

A e tamen tero poderes



Simón pensou que estaba soñando así que decidiu marchar pero o espírito non o deixou e pedíulle que far favor non a deixara soa.



Simón accediu e quedouse con ela.

Bueno bale

Morras gracias



Pasaron días, semanas, meses e hasta anos. E despois de tanto tempo fíxeronse mellores amigos pa sempre.



Dende entón Simón ten unha nova mellor amiga.



Fin

Ainara 4ºc



O poema do Bibliorato Xalleiro
Na biblioteca do noso colexio
vive un ser agochado
entre libro e libro
vixara o noso Bibliorato,



Ás veces é un heroe,
outras un ser malvado,
sexa como sexa
a calquera neno deixa entretido.

El é un rato
moito e espabilado
que con só unha aperta
deixade moi emocionado

Coida ben deste animal
Como el coida todo o que ti tes
Con moito respecto e admiración
que seguramente lle tes.

Antía Anara

4ºA

BIBLIORRATO XALLEIRO

Érase unha vez, un rato que lle chamabam a Bibliorrato Xalleira. Vivia na colección Crip Plurilingüe Barrié de la Maza e gustáballe moito escribir contos de aventuras. El tiña uns bracinhos moi pequenos e non podía escribir os contos con lápices normais, tiña que utilizar un lapis personalizada para el. O sábado había un concurso de escritura de contos en Lugo, e Bibliorrato Xalleira foi convechado para ir ao concurso. Cando chegou ao concurso había moitos menos sentados nunhas sillas, reu uns marcadores e 5 xuíces. O presidente do concurso que intentou aos participantes explicáilles o que tiñan que facer. Díxalles que tiñan que lerlles aos 5 xuíces os seus 20 contos e a Bibliorrato Xalleira díxelle ao presidente que para que serían aqueles marcadores e o presidente díxelle: serán para contar os puntos de cada conto que vai a votar cada xuíz, despois vamos a sumar todas as puntos que restou cada xuíz das seus 20 contos e a que teña máis ganará o trofeo. O Bibliorrato Xalleira foi a primeira en lerlles os contos aos xuíces. Os xuíces gustáranlles os seus contos bastante. Chegou á final, sumaron todas as puntos de todos os participantes e o presidente dixo que o ganador era a Bibliorrato Xalleira. O Bibliorrato Xalleira, púxose moi contento. Chegou ao seu colección de reiría, púxose o trofeo no seu mobile bonequita e coidouno un montón.

F I N

O

bibliorrato.

Oi meu pequeno bibliorrato,
bibliorratiño do meu corazón.
Es ti en quen penso a cada rato,
sen motivo e sen razón.

Antes de saber quen eras,
eu estaba deambulando sen motivo.
No meu corazón ti entras,
e todo se pon máis vivo.

Oi meu pequeno bibliorrato,
bibliorratiño do meu corazón.
De pronto sentín de inmediato,
algo novo sen razón.

Ti échesme de novas emocións,
non o podo explicar.
Ti fásme sentir no corazón,
algo novo polo que loitar.

O bibliorato.

A historia de Bibliorato

- Ola Alex, que libro queres que che conte?
- Pois eu quero saber como chegaches a esta biblio.
- Mmmm, pregunta interesante. Todo comenzo fai uns anos.
Eu estaba correndo nunha roda, nunha tenda de mascotas. Estaba moi ben ata que de pronto chegaron uns cacos que deixaron todo patas arriba. Eu estaba estresado, por iso escapei. No camiño atopei un sitio chamado "Biblioteca escolar" parecía acolledor.
- Era a nosa?
- Non, aínda non. Por onde ía? Ah si! Entrei nese sitio onde empecei a chaparme todos os libros e aumentei o meu cerebro. Aparte diso aprendín a andar erguido. Sen dar-me conta traballaba alí co nome de Rata de biblioteca, facía de conta-



David T.M 6ºA

Bibliorato, o garda das palabras

Na máis gorda recuncho dun vello arquivo
vivía Bibliorato, col ser pensativo.

Era un rato pequeno de pelo grisallo
cun gran corazón e espírito sábio.

Entre libros antigos, de pó e lembranzas,
lía con ansia, soñaba esperanzas.

Os textos latían nos seus pequeniños ollos,
historias e lendas, segredos e golios.

Mais un día, o lume quixo a saber roubar,
as lapas danzaban sen piedade nin par.

Mais Bibliorato, sen medo ningún.

salteou entre chamas cun plano común.

Collendo os tomos con toda a súa forza,
saíu correndo, loitando coa sombra.

E cando a cinza cubriu todo o chan,
os libros gardados foron un agán.

O Bibliorrato salva a biblioteca

O día 2 de abril do ano 2024, o Bibliorrato estaba moi triste porque non era coñecido na escola Ceip Plurilingüe Barrié de la Maza. Pero unha nena axudoulle. Uns días despois o bibliorrato xa estaba máis animado e dixo que ía intentar ser máis coñecido polo colexio. Un ano despois, o Bibliorrato era o animal máis coñecido do colexio, e, o Bibliorrato estaba moi contento pero... A profesora da biblioteca tiñalle unha proposta que era se podía botar fóra a aqueles ratóns que querían roer os libros. E o bibliorrato dixo que sí, e preguntoulle cantos días tiña para botar fóra aos ratóns e a profesora díxolle 3 días, e que se non era capaz botaríano fóra da biblioteca. O Bibliorrato púxose moi nervioso, pero, a pesar diso chegou á súa casa pola noite e púxose a pensar en que podía facer para botalos fóra. E pensou en poñerlles libros diante da porta, ao día seguinte fixo iso e non funcionou. Pola noite outra vez pensou que podía poñerlles trampillas. Por exemplo as trampillas de queixo. Ao día seguinte a profesora avisoulle que só tiña un día máis e que se non o conseguía rano botar fóra da biblioteca, e o Bibliorrato púxose triste. Pero, de todas formas el puxo as trampillas e marchou para a casa. Pola noite chamáronlle da biblioteca dicíndolle que os ratóns foron capturados e que si mañán podía ir a unha entrevista. El dixo que sí. Na entrevista non pasou nada raro e ao final acabou salvando a biblioteca.

Atópome encerrado nunha biblioteca, non quero marchar de aquí así que me escondo para que non me atopen. Son pequeno e móvome despacio pero se me atopa a bibliotecaria ou algún usuario berrarán e conseguirán botarme fóra. Son un apaixonado dos libros, aproveito a ler a todas horas, cando non busco comida. A miña vida resúmese en ler, comer e durmir.

Cando máis me costa agocharme é polo día, na biblioteca teñen instaladas cámaras e escapo delas por iso teño que traballar de noite para intentar comer algo e roubar libros por si me aburro no meu agocho secreto.

O meu día transcorre así:

Levántome as 7 para intentar almorzar algo porque a bibliotecaria abre ás 8. Ás 11 empezan vir os nenos de infantil e xogo con eles, gústalles moito buscarme e que lles meta sustos. Ás 12 cando veñen os de sexto xa non lle gustan as miñas diversións e os xogos que fago. As 2 veñen os do instituto cando veñen xa non quero nin velos diante porque o outro día tiráronme botellas e de todo o que tiñan na man. Ás 3:30 vou intentar roubar comida xa que a bibliotecaria ten queixo debaixo da mesa inténtollo roubar sen que se de conta. Ás cinco monto no meu agocho un campo de fútbol con libros xa vellos e tiro á portería que fago con dous libros.

Ás xa estou preparando a cama porque pronto vou ir durmir, recollo todos os libros pe deixo todo tal como estaba para que ninguén se de conta do que fago. Ás nove vou buscar a comida e xa me deito. Mentres quedo a durmir penso en que me van a pillar e me deixan nun sitio moi raro que non sei onde é por iso durmo con un ollo aberto e outro cerrado, vixiando que ninguén me atope.

Este é o meu día, como vedes non me aburro nada e no fondo son feliz vivindo onde vivo.

SERGIO PEREIRA

(Lara Rial) T3

Ola son Biblio -RATO

Quería dicir que parece que un furacán golpeou esta biblioteca e case non vexo a ninguén.

O outro día veu unha nena, creo que estaba no 4º ano, e me pediu un libro de como ser unha fada, eu quedei como QUE???? COMO QUERES SER UNHA FADA???? De todos os xeitos, volvendo ao outro tema, ás veces síntome só e gustaríame ter un pouco máis de compañía. Sempre lles dou información aos demais pero parece que non lles importa, case sempre collen o libro e marchan sen escoitar o final da información. Un día apareceu aquí outro rato, pero non deu información, non falaba, era feo, non que eu sexa o máis guapo, pero era raro. De todos os xeitos, aquí nesta biblioteca, nin sequera sei se todos os alumnos deste colexio saben que esta biblioteca existe. Pois parece que xa non lles interesa tanto, ler libros é super importante, sobre todo porque poden vir cos amigos e ler xuntos, sería divertido. Unha cousa boa aquí na biblioteca é que cando a xente vén aquí sempre aprende algo máis. Hai xente que pensa que os libros son aburridos e non ensinan nada. Non o creo. Creo que os libros nos ensinan moitas cousas interesantes e divertidas. E se os libros fosen aburridos, por que habería xente que aínda le os libros? Os libros poden axudarnos a aprender e a divertirnos.

Monólogo

Ola, son o Biblio rato e que digamos que eu non estou moi a gusto en onde estou, vivo nun libro de unha biblioteca que ao parecer non ven nadie a biblioteca, o mellor veñen 3 parvos e unha vella, se é que veñen, aínda por encima pasan a vida alí, é trátanme como se fora unha vaca na cadea. Despois de que me aten como unha vaca que doi moito , non leen os libros , ¡pero queren pensar que son os jefes da biblioteca ou que!, serán os do colexio pero da biblioteca non, o jefe son eu e punto xa tanta tontería.

Xa que non podo facer nada mellor, que me deran algo de comida pero que nin eso saben facer os burros estes.

¡Madre mia! eu non sei que farán eles se é que teñen que cuidarse por si solos ,que horror, sería un suicido.

Non saben nin coidar a sua mascota van saber eles ,que debería ser o mais importante, ou non pensades o mesmo ca min.

UNAI MECIAS DUARTE 6B

!SALVEME QUEN POIDA!

Ola!!

Eu son o Bibliorrato, eu son a mascota da biblioteca da escola. A verdade é que eu non sei como e porqué estou encerrado todos os días a todas horas na biblioteca escolar, e xa estou canso, e a parte de eso, non é que leve pouco tempo coma 2 ou 3 semanas, levo sobre 20 anos aquí encerrado na escola.

Non sei de onde saín pero de súpeto aquí estou, falándovos da miña vida.

Non me deixan falar con ninguén e xa me aburro de tanto libro, solo veñen a visitar a biblioteca un par de veces, e a parte nunca me ven.

Xa lin todos os libros da biblioteca, a ver se poñen algún novo para ter algo novo que facer, vaia, novo non é que levo lendo 20 anos, pero polo menos algo novo e interesante pode ser.

Non me dan de comer e tampouco me bañan, e non sei como pero non estou nada sucio, que é algo moi raro, e iso que levo 20 anos sen lavarme.

Non sei como non morrín cos 20 anos que levo encerrado sen comer nada.

A ver, na biblioteca non hai só libros, tamén hai ordenadores, pero o problema é que eu non son informático e tampouco son coma aqueles nenos de quinto e sexto, que parece que xa naceron sabendo como se prende un ordenador, porque eu non teño nin a menor idea de como se fai.

E cando chega a hora de durmir...

No verán como fai calor durmo nun daqueles pufs, pero se fai frío, coma no inverno, durmo cunha cortina para que me tape un pouco, que se non collo tos e mocos e voulle ter que pedir aos encargados da biblioteca que me dean un dalsy.

Tamén vos preguntaredes por que algúns libros están rotos e roídos, pois mirade fun eu porque se non me dan de comer terei que comer libros, tamén os libros que non me gustaron mórdoos cando estou enfadado comigo mesmo.

Carla Barcia Espasandín

A HISTORIA A CAL BIBLIORRATO ACABOU EN SANTA COMBA

Un día Bibliorrato foi a escola "Ceip Plurilingüe Barrié de la Maza" (Santa Comba). Na biblioteca do colexio buscaban unha mascota, a cal xa levaban buscando xa un par de anos. O centro xa conseguira dez voluntarios, e fixeron unha selección para elixir a mellor mascota para o colexio. E o ganador foi... Bibliorrato!

O Rato non o podía creer.

El presentouse porque lle gustaban os libros e estaba buscando un lugar donde vivir.

Gustábanlle moito os comics. A cordinadora da Biblioteca comentoulle que algúns nenos e nenas de 5º e 6º de primaria ían ir a axudarlle a organizar o espazo. Aínda así pasaba moitas horas só e sentíase moi triste. Entón un día, lendo un libro de paperflexia viu como facer un canciño, e fíxoo en poucos segundos.

Todo contento presentoulle aos seus axudantes a súa nova mascota.

Bibliorrato estaba moi contento coa súa nova mascota, os axudantes vían que o Rato o trataba como se fóra de verdade, o cal lle fíxo pensar que Bibliorrato estaba tolo.

Aproveitaron a excusa do seu aniversario para traer a súa familia ata o centro.

Eles estiveron no colexio ata que o Rato estivo mellor.

En realidade non estaba tolo senón que se sentía só.

Hoxe en día, está na biblioteca lendo máis e máis libros.

BIBLIORATO

Había unha vez, un rato moi peculiar que lle gustaba aprender cousas novas xa que el era bastante curioso. El non tiña nome, pero a súa familia e amigos o "Ro".

Ro e máis a súa familia vivían nun sumidoiro que estaba moi preto do colexio "Barrié de la Maza". O colexio tiña o que Ro quería, unha biblioteca. A biblioteca, non era grande pero tampouca pequena, pero tiña libros moi interesantes para el.

As nats, encantáballes observar aos nenos e nenas das clases e grazas a iso, aprenden pouco a pouco a facer cálculos, a ler, a escribir... E incluso a falar galego, castelán e inglés! Entón un día armouse de valor e decidiu entrar na súa clase favorita (6^º C) e falar coa mestra Sara que ao principio asustouse. Pero ao ver o talento do animal, aceptou ao que quería facer o roedor, (estar na biblioteca durante o horario escolar como axudante).

Despois de tanta falar co director César e cos outros mestres e mestras, presentouno a súa clase que volvéronse amigos de Ro en segundos.

Chegando así a conclusión de apodalo como "Biblio nato" que lle gustaba estar nese lugar.

E así foi como Ro converteuse en Biblio nato e pasou a ser parte da escola Barrié de la Maza.



Alba Lado Riveiro 6°C

Este ano corriúseme que podería mandar en cartas algúns acertivos para axilizar a mente do alumnado sobornándolos con vales de acceso á biblioteca para facerme de cada vez que goñaran, unha pregunta. Cando o considere oportuno, pode que algún ou algunha visite, ao amencer, o verdadeiro mundo detrás dos estantes da biblio.

Desta quenda a elixida foi Catarina, unha nena de 1º de educación primaria. A súa resposta á adiviña nin sequera eu mesmo a sabía! Polo que lle expliquei que debaixo do oco das escaleras que baixan á biblioteca hai unha luceña glotante: se a observas durante 5 segundos, irás ao mundo das mascotas bibliotecarias e doutros extraños seresitolóxicos. Catarina estaba abraiada, fomos calmar os nosos estómagos cheos de fame e comeceille a explicar por qué estaba ela alí. Non a aleguei moito sobre os méritos e fun ao gran:

-Preciso a túa axuda.

Díxenlle que o galo da biblioteca municipal de Santa Comba rolbava o libro máis significativo da escola: o que falaba da vida do, do Bibliorrato. O que lle pasara ao libro tamén el o sufriría. Así que, se Catarina me axudaba, non tería que eu ir ata alí sen permiso.

Desta maneira, Catarina sumiuse nunha aventura resolvendo acertivos para poder arrebatardle ao Galo o libro de Bibliorrato, xunto con outro que, aínda que non era tan esencial, tamén se sentía a súa ausencia por parte do alumnado: "O morabilloso mundo de las letras" de Tordi Sierra.

Finalmente, Catarina logrou conseguir os libros e abandonar a timidez que tiña dende que entrara na escola a principio de curso.